

ID: 1331

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a dezoito de decembro de dous mil dous:

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de *Montes de Cova*, por solicitude dos veciños do lugar de Covas, do Concello dos Blancos (Ourense).

Resultando que con data 14 de xaneiro de 2000 tivo entrada, no rexistro da Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar de Covas, Concello dos Blancos (Ourense), solicitando se declare o monte " Monte de Covas" como veciñal en man común.

Que con data 5 de maio de 2000 os veciños do lugar de Covas que promoven a clasificación do citado monte, presentan novo mapa co linde do monte dos veciños de Fonte Arcada corrixido respecto do que figura na solicitude.

Resultando que o Xurado Provincial en sesión celebrada en data 18 de maio de 2000, acordou tomar en consideración os citados escritos e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a Manuel Bouzas Costa e Miriam Areal López, que aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación

preventiva no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, e remíndose comunicacións dirixidas ós veciños do lugar de Covas, ó presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó alcalde do Concello dos Blancos, á delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro, ó Servicio de Montes e Industrias Forestais (Consellería de Medio Ambiente), e á Delegación Provincial da Consellería Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, publicándose edictos no taboleiro de anuncios do Concello dos Blancos, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello e no Diario Oficial de Galicia, para que durante o prazo sinalado en edictos os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación.

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, como segue:

Anotación preventiva Letra A da finca rexistral 7383, ó folio 91, do tomo 679, libro 33 dos Blancos.

Resultando que en data 5 de maio de 2000, a comisión de veciños promotora da clasificación presenta escrito de corrección de erro do seguinte xeito: *no linde co monte dos veciños de Fonte Arcada e Mosteiro, na zona denominada Esperón, o linde vai dende a Fonte da Cunca e continúa polo regato que recolle a auga que mana desta fonte.*

Resultando que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para cofecer los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable;
e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacions e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar de Covas, no Concello dos Blancos (Ourense)

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacions recollidas resulta que os veciños do lugar de Covas, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños do lugar de Covas, para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 482/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.



O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

A C O R D A:

Primeiro. - Clasifica- lo monte coa denominación de *Montes de Covas*, de 326,302 ha, aproximadamente en conxunto de superficie a favor dos veciños do lugar de Covas, no Concello dos Blancos (Ourense) , e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: Os Blancos (Ourense)

Denominación: "Montes de Covas"

Comunidade propietaria: lugar de Covas (parroquia de Covas)

Superficie: 326,302 ha , aproximadamente.

Estremas.

Norte. Teresa Vázquez Lorenzo, Sergio Gil Gómez, Comunal dos veciños de Aguis, Severo Gil Gfáz, Delmiro Gil Díaz, Francisco López Martínez e irmáns, Irene Rodríguez Araujo, Francisco Penin Rodríguez, Francisco Gómez Gómez, Maximino Fernández Barrio, Domingo Trigo Álvarez e irmáns, Rosa García García, Jesús Olmos Barrio, Andrés Barrio Feijoó, Delfín Castro Pena, Delfín Gómez Molinos, Manuel Molinos Campos, Marcial Rodríguez, e outros, Regato de Porta da Veiga, e monte dos veciños de Fonte Arcada, Os Blancos e Mosteiro –Esperón, Serra Ladeira e O Viso- e vai dende a Fonte da Cunca e continúa polo regato que recolle a auga que

mana desta fonte, e o monte veciñal dos veciños de Pixeiros vai dende a parcela coa referencia catastral 1.020 do polígono 46, na revolta da atallada en liña recta ó Penedo do Escaño e dende aquí en liña recta a esquina onde enlaza una atallada – que deslinda predios particulares co monte Asperón- co camiño que baixa cara a Fonte Arcada.

Sur: Termo de Baltar (Ourense)


Leste: Pura Casares Pérez, Agustín García Pérez, José Benito García Pérez, Urbano Penín Araujo, José Rodríguez Fernández, herdeiros Casimiro Pena Araujo, María Cota Lama, camiño, Emilio Barrio Díaz, Antonio Pena Araujo, Hermesinda Cota Peaguda, Maximino Fernández Barrio, Dolores Trigo Trigo, María Benita Cuquejo Pérez, Adolfo Cuquejo Pérez, Hortensia Sotelo Lamas, herdeiros Teófilo Rodríguez, Ovidio Barrio Díaz, Rosa Rodríguez Suciro, Servando Pena Casares, José Rodríguez Díaz, herdeiros María Sotelo, Modesto Moure Pena, Gumersindo Cuquejo Arias, Manuel Pérez González, herdeiros de Benedicta Fernández, José María Cuquejo Arias, Aurea Pena Araujo, Anuncia Salgado Díaz, herdeiros de Teófilo Rodríguez, Manuel Vidal e outros, camiño, Termo de Baltar, e monte cos veciños de Penalonga que vai dende a esquina que forma o peche das leiras 160 e 161 do polígono 44, en liña recta, con dirección oeste ata o marco Cruz do Castelo (cruz en peneda, sita ó pé do que os veciños denominan Peneda da Raffia Loba) e continúa á Cruz da Fonte da Cicha (cruz en peneda sita á beira dun pequeno regato a uns 80 m, ó oeste da Fonte da Cicha)

Oeste: Termo de Baltar




Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó alcalde-presidente do Concello dos Blancos, ós representantes da comunidade veciñal, ó Servicio de Montes e Industrias Forestais (Consellería de Medio Ambiente), ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.)



The image shows several handwritten signatures and stamps. On the left, there is a signature that appears to be 'VAD' with a horizontal line underneath. In the center, there is a circular stamp containing a signature. To the right of the stamp, there are two more signatures: one above the stamp and one below it. The signature below the stamp is written in a cursive style and has a horizontal line underneath it.



"Montes de Covas" dos veciños de Covas
Concello: Os Blancos
Superficie aproximada, en conxunto: 326,302 ha

- Perímetro
- Penedos
- Cruz en Peneda
- Cortalumes

E. 1/10000

4646500
4646000
4645500
4645000
4644500

4646500
4646000
4645500
4645000
4644500

599000 599500 600000 600500 601000 601500 602000 602500

As Touzas de Fontearcada

A Vela de Peixeiros

O Cubal

O Asperón de Peixeiros

Penedo do Escaño dos veciños

A Lagoa

Os Pezocos

A Costa

Fonte Cova

A Curuxei

Outeiro Raso

A Auguela

A Raña

As Cancelas

A Cuneira

Penedo do León

A Tapada

Porta da Veiga

A Fura do Raposo

Covas (Santiago)

A Borraxeira

A Porteliña

O Penedo

A Lama do Santo

O Penedo das Fatigas

A Igrexa

Silveira

O Cebreiro

O Outeiro Longo

O Foxo

A Lama do Santo

O Burato

Porto Salgueiro

A Portela de Aguiar

A Veiga

A Ladeira

O Cebreiro

A Coutada de Covas

Regato de Balaco

Cruzeira

A Misa

A Pedrosa

O Picota





Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **11 de decembro de 2023** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XX.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "Montes de Covas", pertencente aos veciños de Covas, no concello de Os Blancos.

O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 27 de abril de 2023 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que o perímetro obxecto de revisión inclúe as partes do perímetro lindeiras con particulares, quedando unha zona de 300 m sen revisar, nas propiedades de Covas, pois aparecen dúbidas de propiedade non resoltas.

O Xurado Provincial, de acordo co informe favorable do Servizo de Montes, aprobou a solicitude de revisión de esbozo.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 18 de xaneiro de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 18 de xaneiro de 2024 relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común Montes de Covas, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Covas, no concello dos Blancos.

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Montes de Covas, pertencentes á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Covas, no concello dos Blancos, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 29 de setembro de 2022, a CMVMC de Covas presentou unha solicitude (Rexel núm. 2022/2392869) de revisión parcial de esbozo do MVMC Montes de Covas, no concello dos Blancos.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Asemblea Xeral do 28.8.2022.
- Memoria e planos.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.

Segundo. O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 27 de abril de 2023 en relación coa citada solicitude. Nel indícase que o perímetro obxecto de revisión inclúe as partes do perímetro lindeiros con particulares, quedando unha zona de 300 m sen revisar, nas propiedades de Covas, pois aparecen dúbidas de propiedade non resoltas.

A superficie do MVMC de Covas resultante, tras unir o esbozo parcial presentado segundo o punto 8, resulta de 349,91 ha fronte as 326,30 ha da clasificación, o que supón un aumento de superficie do 7 %.



Tendo en conta o anterior, emítase informe favorablemente sobre a revisión do esbozo do MVMC Montes de Covas.

Consideracións legais e técnicas:

Única. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándoos e completándoos con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular, os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.


De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 27 de abril de 2023, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 11 de decembro de 2023:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC Montes de Covas, pertencente á CMVMC de Covas, no concello dos Blancos.

Ourense, 18 de xaneiro de 2024

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense







PROPOSTA DE REVISIÓN DE ESBOZO DO MONTE:

MONTES DE COVAS



Promotor: Covas (Os Blancos, Ourense)




Lenda

-  Revisión de esbozo MVMC Covas: 11,09 km
-  Croquis clasificación (c. ficha)

INFORME: PROPOSTA DE REVISIÓN DE ESBOZO DO MONTE "MONTES DE COVAS", CMVMC DE COVAS (OS BLANCOS)

PLANO: Mapa	Nº PLANO: 1/2
AUTOR:  José Benito Meire Feijó Enxeñeiro de Montes Colexiado 5026 colexio Enxeñeiros de Montes	DATA: Agosto 2022
ESCALA (A2): 1 / 12.000	SITUACIÓN: Os Blancos
	ESCALA (A2): 1 / 12.000
BASE: Mapa 1:25000, IGN	Coordenadas: Huso 29 Datum ETRS89



PROPOSTA DE REVISIÓN DE ESBOZO DO MONTE: MONTES DE COVAS



Promotor: Covas (Os Blancos, Ourense)



Lenda

- Revisión de esbozo MVMC Covas: 11,09 km
- Croquis clasificación (c. ficha)
- Catastro

INFORME: PROPOSTA DE REVISIÓN DE ESBOZO DO MONTE "MONTES DE COVAS", CMVMC DE COVAS (OS BLANCOS)

PLANO: Ortofoto	Nº PLANO: 2/2
AUTOR:  José Benito Meire Feijó Enxeñeiro de Montes Colexiado 5026 colexio Enxeñeiros de Montes	DATA: Setembro 2022
	SITUACIÓN: Os Blancos
	ESCALA (A2): 1 / 7.000
<small>BASE: Ortofoto ano 2020, PNOA</small>	<small>Coordenadas: Huso 29 Datum ETRS89</small>